

VºBº:



NORMATIVA DE ACTUACION INTERNA

O departamento de arbitraje, na súa labor de mellora de todas as actividades desta federación, elaborou unhas normas xerais de actuación e convivencia para todos os árbitros desta federación no desenrolo das súas funcións que entran en vigor no día de hoxe e que a continuación se relacionan:

1. CONVOCATORIAS

1.1- Todo árbitro deberá comunicar no prazo e data establecida nas circulares a súa asistencia ou non aos campionatos aos que se lle convoque, co fin de poder avisar a un suplente en caso necesario.

1.2- Devandita comunicación será realizada de xeito obrigatorio, para a súa constancia, vía correo electrónico ou fax á secretaría da federación.

1.3- En caso de non ter comunicación en prazo e hora, deberá absterse de asistir xa que a súa praza estará ocupada polo reserva.

2. DESPRAZAMENTOS

2.1- Todos os desprazamentos faranse conforme ao establecido nesta federación.

2.2- Calquera cambio ou modificación deberá ser comunicado ao responsable do departamento para a súa autorización.

2.3- Como norma xeral, nos desprazamentos coas seleccións galegas, os árbitros estarán obrigados a desprazarse no medio que viaxen os compoñentes da federación, non aboándose ningún outro tipo de desprazamento por outro medio ou vehículo particular.

2.4- Nos casos especiais en que isto non sexa posible deberán comunicalo ao responsable ou á federación para a súa autorización e evitar reservas nos transportes, hoteis, comidas, que non se poidan anular, có trastorno económico e organizativo que isto supón.

3. COMPETICIÓN

3.1- Os árbitros deberán estar no lugar da competición como mínimo 30 minutos antes do comezo da competición ou á hora fixada para a reunión arbitral.

3.2- Os árbitros deberán acudir vestidos correctamente (evitando cambios e postas de gravatas e roupa en publico debido á mala imaxe que isto supón), lembrar que o aspecto dos membros deste colectivo debe ser sempre impecable. Cando estean actuando os árbitros deberán deixar os zapatos nun sitio discreto na liña de boa imaxe da organización do evento.

3.3- Os árbitros durante a competición deberán permanecer nos lugares asignados e atentos ás rotacións que están a suceder en todo momento.

3.4- Calquera saída da zona de competición se deberá comunicar ao responsable ou comisionado.

3.5- Procurarase evitar os comentarios públicos nas saídas do tatami, comentar as incidencias é bo pero deberemos apartarnos a un lugar mais discreto xa que se o facemos ao bordo do mesmo pode dar a sensación de discusión e ao público xerarlle incerteza.

3.6- Evitar dar explicacións aos adestradores nos bordos do tatami, ante calquera dúbida deberán dirixirse ao encargado do seu tatami ou ao director da competición.

3.7- Os árbitros absteranse de xeito obrigatorio de dirixir aos competidores facendo funcións de adestrador.

3.8- Ao rematar a competición asegurarse de que non se convocou ningunha reunión posterior, para aclarar dúbidas ou comunicar nova información, antes de abandonar o recinto.

O que se comunica para coñecemento e efectos.

Asdo. Jaime Roque López
- Director Departamento Arbitraxe -